



Sendo as 10,00 horas do día 24 de abril do ano 2024 , reúnese na Sala de Comisións da Casa do Concello de Ares, o Tribunal calificador (designado por Resolución da Alcaldía 173/2024 de data 20/02/2024, publicado no B.O.P. nº 40 de data 26/02/2024) do proceso de estabilización para cubrir as vacantes no cadro de persoal do concello de Ares correspondente a **1 praza de persoal laboral fixo de Auxiliar Administrativo (Servicios Xerais)** , baixo a presidencia de Dº Manuel Larrosa Rodriguez , estando presentes os vogais:

1º Vogal.- Dº José Angel Carballo Feijoo

2º Vogal.- Dº Alfonso Portela Martinez

3º Vogal.- Dª María Concepción Dragó Porta

actuando como secretario do mesmo Dº José Manuel Mayobre Seijas.

Estando presentes a totalidade dos membros do Tribunal, por parte da Presidencia dase por configurado o mesmo, dando comenzo as actuacións que siguen:

Punto Primeiro.- Presentación de Alegacións.- Por parte da Presidencia dase conta :

Con data 21 de marzo do ano 2024 levántase por parte do Tribunal Acta de valoración do concurso de méritos da praza convocada, e a cualificación final do proceso

No B.O.P. nº 69 da data 9 de abril de 2024, publicouse Anuncio información pública . Valoración meritos proceso estabilización persoal , Oferta de Emprego Público 2022, outorgando un prazo de dez días hábiles contados dende o día seguinte á publicación do anuncio para formular alegacións.

Rematado o prazo de alegacións (23 de abril de 2024), baixo o número de rexistro 2024-E-RE-590 de data 22/04/2024, Dª Cristina Montero Rodriguez con D.N.I. ***6285**, formula alegación solicitando se revise a sua baremación e a puntuación outorgada.

Según se recolle na Acta do tribunal de data 21/03/2024, Dª Cristina Montero Rodriguez recibeu a seguinte valoración:

DNI	Nome e Apellidos	Celga 4	Experiencia Profesional e antigüedad na administración				Formacion académica	Puntuación méritos	Cualificación final
***6285**	Cristina Montero Rodríguez	SI	8.1.1.a.-	8.1.1.b.-	8.1.1.c.- 61,20	8.1.1.d.- 0,24	10	71,44.-	71,44.-





Revisada a documentación aportada, o Tribunal calificador corrixe o erro cometido na primeira valoración, establecendo a seguinte puntuación e cualificación final:

DNI	Nome e Apellidos	Celga 4	Experiencia Profesional e antigüedad na administración				Formacion académica	Puntuación méritos	Cualificación final
***6285**	Cristina Montero Rodríguez	SI	8.1.1.a.-	8.1.1.b.-	8.1.1.c.- 62,34	8.1.1.d.-	10	72,34.-	72,34.-

Punto Segundo.- Corrección do erro e posta de manifesto.- Acordase por parte do Tribunal que se dé traslado da corrección efectuada o departamento de persoal ós efectos oportunos, así como dar traslado da presente acta á interesada

E sendo as 10,30 horas do día e no lugar no encabezamento indicado, asíñase por parte dos membros do Tribunal a conformidade coa presente acta.

